


terra *e* tempo

revista galega de pensamento nacionalista

Entrevista a James Petras



Eleccións nos Estados Unidos de América

Europeísmo e reestruturación naval

Manuel María. O grande poeta nacional

Afganistán. Paradigma das consecuencias
da globalización

Por terras do Xallas e Pondal

editorial

Bush pai proclamaba o nacemento dunha nova orde mundial, desaparecida a URSS, os valores e a democracia occidental deberían universalizarse, as ideoloxías xa non tiñan sentido e as fronteiras deberían ir caendo para deixar circular libremente o comercio internacional. Desde a esquerda (Negri e Hardt) e desde a dereita (Fukuyama) anunciaban a boa nova da desaparición das nacións e a descentralización e difusión das soberanías. Disque na nova orde mundial non hai metrópole nin colonias senón unha maraña de redes globais na que todos estamos inseridos, non somos máis que unha multitude de individuos.

Aos nenos palestinos que morreron na súa casa atropelados por un tanque israelí aínda non lles deu tempo de se decataren de que as patrias xa non existían, os inmigrantes que morren atravesando o mediterráneo fuxindo da fame, tampouco coñecían que as fronteiras desapareceran. Se as soberanías nacionais non existen e os presidentes non mandan nada, como é que os EE.UU. invaden Iraq contra a vontade de 90 % dos cidadáns do mundo? Quen é o que toma ese tipo de decisións e a que intereses obedece?

Disque caeu o muro. Que llo pregunten aos cidadáns de Gaza. En Afganistán, en Serbia, en Kosovo, en Iraq, en Haití xa hai democracia, pero non hai soberanía. Nos EE.UU. é evidente que hai soberanía, o que dubidamos algúns é que haxa democracia. Un réxime político onde só se pode elixir entre dúas opcións que defenden o mesmo, que clase de democracia é?. E con este panorama non podemos menos que preguntarnos desde este recanto do planeta: E estes son os líderes do mundo libre?



4



8



17

En portada

4 Entrevista a James Petras

[Xoán Carlos Garrido Couceiro]

7 De onde procede o apoio popular de George Bush?

[Kathleen March]

8 Accións artístico-políticas en Iaquilandia

[Kellie Germond]

Economía

10 Europeísmo e reestruturación naval

[Xosé Díaz Díaz]

Cultura

14 Manuel María. O grande poeta nacional

[Francisco Rodríguez Sánchez]

16 Manuel María. O poeta necesario

[Xoán Carlos Garrido Couceiro]

Internacional

17 Afganistán: paradigma das consecuencias da globalización

[Iria Alonso Casares]

Viaxes

20 Por terras do Xallas e Pondal

[Francisco X. Fernández Naval]

sumario

De onde procede o apoio popular de George Bush?



KATHLEEN MARCH

Profesora de Literatura latinoamericana
e española na Universidade de Maine.

Fundadora da Asociación de Estudos
Galegos de EE.UU.

Os Estados Unidos é un país que vive unha enorme ironía. Vive metido nos asuntos de moitas partes do mundo. Está metido sen saber a meirande parte dos cidadáns qué asuntos son nin cómo comunicarse cos residentes desas zonas. Noutras palabras, non teñen coñecementos deses países ou territorios (que non son tema de estudo nas escolas) nin das súas linguas (moitos cren que non teñen capacidade lingüística ou que só se precisa saber máis inglés, que é a lingua universal). Non preguntan, non cuestionan, non queren saber. A miúdo atopamos que a mesma xente que non sabe e nin quere saber da política en xeral (como se fose cousa de moda ou prestixio o non preocuparse polos acontecementos que afectan o planeta enteiro) afirma rotundamente a necesidade de actuar o goberno dese ou doutra maneira, de invadir ou de ocupar, de bombardear ou de vixiar. É alucinante escoitar como falan os universitarios neste sentido. Non queren falar de verdades nin de mentiras, só queren ter as súas opinións, votar porque é un dereito democrático.

A ironía desta actitude de avestruz reside no feito de estar a sociedade norteamericana dominada polo desexo de posuír os feitos, os datos, de exixir “*just the facts, ma’am, just the facts*” [só os feitos, señora, e nada máis que os feitos]. Dominada pola paixón da información —estadísticas, mapas, nomes, monumentos, noticias as 24 horas do día, testemuñas de toda clase— a sociedade dos Estados Unidos consegue manterse na case completa ignorancia.

“Só sei que nada sei, mais sei que teño razón,” é o lema. Probalo é doado. Só cumpre facer ao “americano medio” unhas cantas preguntas, que axiña revelan que poucos poden localizar os países “inimigos” nun mapa. Se non os ven nun mapa, non ven a súa historia e seguramente non consideran que teñan produción cultural. O bombardeo do Museo Mosul de Bagdad non ocasionou unha soa expresión de tristeza. Seguramente non conteria o museo cousas importantes porque quen ouvira falar da cultura árabe ou de Medio Oriente? Así o país das estadísticas deportistas (cos seus “heroes” no campo do ciclismo, dos xogos olímpicos, etc.) ou dos detalles máis mínimos da vida sentimental dunha figura política xamais se preocupa dunha visión ampla. Cumpre preguntármonos pola causa deste saber e non saber nada...

Quizais, como fai coas imaxes na pantalla dunha máquina de videoxogos (os xogos de localizar e matar), o norteamericano medio deixa que o convezan mediante unhas palabras significativas, fáciles de comprender. O necesario *sound-byte* manda, guía, anima a seguir

a trama de suspense, xogo estratéxico, ou actividade deportista. Así, tal cidade iraquí á forza ten que caer porque está en maos dos insurxentes ou porque é preciso “protexer a liberdade dos cidadáns iraquís” ou porque cumpre, en termos puramente abstractos, levar a campaña contra o terror. Pregúnte a un norteamericano en que consiste ese terror e non saberá contestar. Pregúntelle quen son os rebeldes en Iraq ou outros países e só dirán que son os que loitan contra os norteamericanos. Pregúntelle se son terroristas os que loitan por non teren no seu país unhas forzas de ocupación estranxeiras. Non poderán contestar, porque iso é cousa de política...

Hai, si, algúns que se desesperan, vendo a submisión á retórica dun líder que fala como se estivese a conversar cunha rolda de amigos nun bar. Ou que lles volve tolos ao escoitaren os erros de exposición no seu propio idioma que en calquera outra persoa indicarian unha falta de formación intelectual (por exemplo, Bush pronuncia sempre *nuclear* en vez de *nuclear*). Ou que sofren cando a xente de dereitas afirma que “o noso líder” se expresa moi ben, inspira confianza, nos dá un senso de seguridade porque fixo medrar rapidamente a vixilancia en todos os aspectos da vida, xunto co suposto control das fronteiras. *O Noso Pai* que está en Washington, estamos agradecidos, e sabemos que vostede non minte nunca!

A que se deberá a comodidade e a complicidade de tantos? O desexo de crer o discurso repetitivo de termos como “terror”? Quizais se saben vulne-

Accións artístico-políticas en lanquilandia

rábeis e ignorantes e déixanse dominar polo medo. Son produto das creacións tipo Hollywood, son uns necesitados de ameazas de violencia ou de traxedia para poderse sentir estimulados. Son persoas que viven no illamento social e que por tanto precisan dun equipa deseñado por outro para poderen participar nunha comunidade. Así os deportes van para arriba, as empresas como Wal-Mart ou McDonald's actúan como familias para os seus empregados, o servizo militar ou simplemente a bandeira tricolor convértense en símbolo de identidade. Sen vivencias propias, verdades como as que saen do pensamento filosófico ou da creación humanística, os cidadáns robotízanse, admiten ordes das figuras de poder. E hai moitos que o saben e mandan. Mandan comprar, mandan rezar, mandan calar, mandan obedecer. E víxían aquel que non parece cumprir.

Isto non é novo. Lémbrome de ter aprendido na primaria que os Estados Unidos era o mellor país de todos. Ás veces volto aos libros de texto e atopo arrepiantes as ideas dos comezos desa guerra psicolóxica contra o equipa soviético. Pola nosa tradición "independente, democrática, de liberdade individual", merecíamos gañar, iso sabíamolo ben. A xeración da posguerra, co cerebro ben endereitado e fixo é agora a que controla o país. Tampouco os libros escolares varían moito no que ensinan e promoven, como ben mostra o libro de James Loewen, *Lies My Teacher Told Me*. E se un non admite a lección como é debido, se percibe a enorme inxustiza no mundo e as contradicións na súa propia sociedade, para eses posíbeis "rebeldes" hai un antídoto moi forte: a relixión. Así, aínda que haxa problemas e intolerancia no mundo, a caridade pode combatalos. E como os soldados, as nosas tropas, tamén son "persoas humanas" e están a facer un bo traballo na guerra contra o terror en Iraq (non falemos de cousas políticas ou económicas como os recursos petrolíferos nese país) e como pasou o que pasou o 11 de setembro, etc. Cumpre apoiarnos os nosos, os do noso equipo, que gañen. Hurra! ■

KELLIE GERMOND

Profesora da Northeastern Illinois University de Chicago. Licenciada en Antropoloxía-Socioloxía e Filoloxía Española pola Universidade Earlham



Aínda que existe unha tendencia de desvencellar a política da experiencia cotiá por parte da maioría dos estadounidenses, a actual situación das vindeiras eleccións pola Presidencia leva a un cambio de actitude. Este cambio débese á frustración que sinte a xente fronte aos medios de comunicación, que moi poucas veces contan as verdades e reflicten as realidades que case todos os cidadáns estamos a vivir.

Sempre nos EUA era habitual escoitar a resposta "non me vai a política" cando intentabas conversar sobre a guerra, ou preguntabas a estudantes cal é o seu parecer sobre o goberno, ou sobre a perda de traballo debida á globalización. Agora, polo contrario, aínda que non o crería quen ve os telexornais das grandes cadeas (CNN, CBS, ABC, NBC), estase producido unha ebulición de expresións políticas por medio de accións e producións artísticas. Coido que o Arte aínda non esta tan controlada polos sistemas implantados polo goberno ou polas empresas ou asociacións comerciais (que teñen estreitas relacións co goberno sempre que o resultado esperado sexa beneficioso para os seus negocios).

Nunha sociedade tan excesivamente controlada e reximentada, esta ebulición provén da disonancia cognitiva e da repulsión polas continuas mentiras contadas pola Administración Bush e repetidas na prensa sen ningunha crítica ou pescuda polos feitos reais. Neste entorno reseso, resulta tremendamente refrescante ter opcións para escoitar perspectivas críticas e, ao mesmo

tempo, entreternos ao ritmo de músicos de Rock (coma o evento co lema *Vote for Change* "Votar para o Cambio" que se celebrou o 11 de outubro con 21 interpretacións nas que participaron Jackson Browne, Bonnie Raitt, Bruce Springsteen, John Mellencamp, U-2, Dave Matthews Band, R.E.M., Dixie Chicks, e moitos máis). Con Springsteen coma organizador principal, celebráronse cinco concertos para expresar o seu desacordo co estado actual dos EUA e expresarse a favor dun "goberno aberto, racional, xusto, e progresivo" entre o 1 e 8 de outubro ao longo do país, e remataron cun concerto en Nova Jersey o 13 deste mes de outubro (<http://www.brucespringsteen.net/news/#vfc>).

Ao mellor non sorprende que estas actuacións non foran televisadas pola grandes emisoras; é un exemplo mais do control organizado para limitar o acceso a crítica da política estadounidense actual. Non televisaron estes concertos excepto o último, pero a emisión foi na cadea alternativa de "Sundance" (<http://www.sundancechannel.com>). Un exemplo da resposta social é como os propios músicos e a organización cívica de Democracia en Acción (<http://www.moveon.org>) mobilizaron a xente ao longo do país para que os que subscribían a Sundance abrisen as súas casas e gozaran do concerto *Vote for Change* na compañía de calquera que quixese xuntarse para este evento. Esta realidade de compartir 'ben' (música) e acceso a 'poder' (subscripcións e horarios limitados) representa unha estratexia contraria ao comportamento habitual

ensinado nesta sociedade tan materialista de separarse e non interaccionar con persoas segundo o grao de posesións e exclusións.

As franxas que separan a xente sufriron un desaxuste nas protestas de cidadáns en Nova Iorque cando o partido Republicano conservador decidiu celebrar a súa convención alí a finais deste agosto até o principio de setembro. As respostas sociais tomaron varias formas artísticas. Observábase un xogo de roles con "Bilionarios para Bush" repartindo talóns de 2.000 dólares (fotocopias) coa cara de Bush, que chegaron a confundir algúns gardas de seguridade cando algúns destes "bilionarios" lograron entrar en salas de teatro na rúa Broadway que supostamente foron reservadas exclusivamente para os Republicanos que asistían á Convención. Outras crearon e camiñaron nas manifestacións con artísticas marionetas construídas para expresaren o seu desagrado coa Ocupación ou a Guerra de Iraq. Un grupo produciu un vídeo deles camiñando pola cidade de Nova Iorque en vestimenta árabe e proxéctase nunha galería de arte con instalacións críticas coa perda de vidas en Iraq.

Moitas expresións artístico-políticas imprimíanse ou pintábanse na roupa. Outros crearon danzas e vestimentas de expresión política (cor rosada para identificar o grupo *Code Pink* que defende os dereitos das mulleres) e crearon chapas variadas (nunha líase "mantén Xurxo [George] fóra do meu arbusto [Bush]"). E a pesar da ameaza de seren retidos pola policía, algúns fixeron lenzos no asfalto e pintaron corazóns e estrelas ao longo das millas camiñadas, transitadas por varios centos de milleiros de persoas, aínda que a prensa contaría poucos e poucas participantes nestas protestas sociais.

A pesar da oligarquía presente na propiedade dos diarios, as radios e as televisións, como polos inconfesábeis intereses económicos de grandes empresas que se comportan como grupos de presión, os estadounidenses con mente e ollos abertos estamos testificando ou participando en moitas actividades de expresión político-artística



precisamente porque xa vemos como nos últimos anos da Administración Bush a liberdade de expresión non só está ameazada, senón que existe un sistema case invisíbel para borrar ou negar que calquera crítica política exista. Se non queren escribir na prensa a verdade, teremos que seguir expresándonos con accións civís, onde as imaxes seguen valendo máis ca mil palabras. Isto esta a suceder tanto en Nova Iorque, coma en Chicago, e pobos máis pequenos ao longo dos 50 Estados, onde músicos fan actuacións con críticas políticas, pintores expoñen arte crítica sobre a situación política, e aparecen autocolantes anti-Bush en lugares insospitados. Un exemplo e o sinal de tráfico para parar, que nalgúns casos alguén xa pintou *Bush* por debaixo de *Stop*. Veremos se o paramos nas vindeiras eleccións, pero mentres tanto coido que esta ebulición seguirá salpicando críticas políticas de carácter artístico e creativo en lugares de todos os recantos dos Estados Unidos ■



Os estadounidenses con mente e ollos abertos estamos participando en moitas actividades de expresión político-artística con accións civís, onde as imaxes seguen valendo máis ca mil palabras.